



Rúa da Merced nº 56, Baixo
15009 - A Coruña
Tfn/Fax: 981 298 122
CIF. G-15037708
ozagaiteiraoscastros2@gmail.com

GRUPO MUNICIPAL...do Concello da Coruña

Praza de María Pita, 1.
15001 - A Coruña.

A Asociación Veciñal cultural deportiva recreativa Oza-Gaiteira-Os Castros temos coñecemento de que se atopan en período de elaboración dos Orzamentos Xerais da Corporación, para o exercicio 2024

Presentamos as seguintes Propostas ao Orzamento Municipal de 2024, para que se incluan para o desenvolvemento das seguintes actuacións no noso barrio:

Propostas

-- Crear partida orzamentaria suficiente para desenvolver no Forum Metropolitano un Arquivo Histórico e Fotográfico do Concello de Santa María de Oza, que sexa a base de estudos sobre o mesmo, como medida de recuperación da historia da cidade e do nos barrio.

-Crear partida orzamentaria suficiente para que a nosa Asociación poda desenvolver no Forum Metropolitano e Centro Civico de San Diego actividades culturais e sociais .

-Creación de beirarrúas dende Casablanca ao centro de Saude de Monte das Moas

- Mellora do Parque Europa, Praza da Cubela, Parque de San Diego e Parque de Oza e cubrir a zona de xogos infantís.

No Parque de Oza mirar a posibilidade de incorporar a parcela que ía ser destinada a gasoliñeira e que limita ao Parque pola parte próxima á rúa Carballo, asemade humanización, limpeza e adecentamento coma continuación do propio Parque da parte alta da rúa Carballo que queda por baixo da rúa Montes.

Recuperación da antiga Casa do Concello de Oza, sita na rúa Montes e que precisa una intervención urxente.

- Creacion de unha Area canina no Parque de San Diego e outra no Parque de Oza e unha pergola en en dichos Parques

- Incluir unha área biosaludable para fomentar hábitos de vida saludables no Parque Europa, asemade ver de facer uns urinarios públicos no Parque Europa.

- Mellora do pavimento das Rúas Montes, Gonzalez Chas ,Rúa de San Diego, Camiño do Montinho e Practicante Pedro García.

- Tamén eliminación do cableado que atopamos en moitísimas fachadas agochadas en ocos ou directamente colgadas en manoxos ou rolos afeando as nosas casas e rúas, deberíase intermediar coas empresas para a súa total eliminación.



**Rúa da Merced nº 56, Baixo
15009 - A Coruña
Tfn/Fax: 981 298 122
CIF. G-15037708
ozagaiteiraoscastros2@gmail.com**

-Ruas que son prácticamete inaccesibel para os peóns por mor da estreitez das beirarúas a ocupación abusiva do espazo publico por vehiculos particulares e poñer beirarúas para paso das persoas, teñen o neste intre non teñen

- Rúa José Gonzalez Chas
- Travesia da Cerca
- Rúa Vaamonde Lores
- Rúa Cartagena
- Rúa Carballo
- Av. Alberto Garcia Ferreiro
- Rúa Nova Travesia Buenavista
- Rúa José Echagaray mellorar as Beirarúas
- Rúa Buenavista
- Av. Pasaxe

- Mellorar as Beiraruas da Avenida do Exercicio e Rolda de Outeiro

- Ampliar os horarios das liñas de buses e facer un plan de transporte publico contando ca opinión dos colectivos veciñais

- Facemos petición dunha escola Infantil xa que a única que temos na zona e insuficiente para a demanda que existe. Os Orzamentos municipais deben incluír investimentos en centros educativos do noso barrio .

-Facemos petición dun Centro de día xa que o único que temos na zona e privado.

- Plan de revitalización comercial da área dos Castros. Potenciación dunha área comercial, non só propaganda ("bolsitas e carteis") senón axudas á modernización dos comercios (pódese facer vía Europa), estudos sobre viabilidade comercial de sectores, tráfico e zonas de descarga e aparcadoiros.

- Na rúa Posse, onde hai outra parcela baleira lindante coa avenida de Oza, suxerimos crear un aparcadoiro gratuíto.

-Campana por unha Coruña sin plasticos

-Axudas para rehabilitar as vivendas (eliminación de Amianto, pobreza enerxética , instalacións de ascensores) .

- Un plan xusto de apoio para dinamizar o movemento veciñal .

- Cesión dun local para que o noso colectivo poda realizar as súas actividades

- Investir nun plano de mobilidade realista .

- Creación de unha aula de concienciación medioambiental na paxareira de San Diego.

- Descentralización do Centro Municipal de Emprego, facendo cursos de formación para desempregados e desempregadas, no noso bairro.

- Creación da Escola Municipal de Actividades Náuticas a carón da Praia de Oza (Antigos astileiros Valiña)



Rúa da Merced nº 56, Baixo
15009 - A Coruña
Tfn/Fax: 981 298 122
CIF. G-15037708
ozagaiteiraoscastros2@gmail.com

- Recuperación do patrimonio histórico do Bairro, recuperación da capela de Oza para uso da veciñanza.

- Invertir na loita polo medioambiente, calidade do aire e eliminación das especies invasoras.

- Melloras de accesibilidade:

Ascensor que conecte la Avenida de Oza ca Rúa da Merced detrás de Mercadona

Rúa Jacinto Benavente.

- Regular as terrazas

CONSIDERACIÓNS

Por unha banda, a antiga casa do Concello de Oza, tantas veces reclamada por nós e que, como xa temos dito, sitúase no lugar do Montinho, rúa Montes. Seguimos a pensar que é unha parte importante do noso patrimonio e acerbo cultural, e que esta expropiación entendémola como o acollemento baixo o ámbito e tutela da Administración Local de onde nunca debeu saír. Hoxendía aínda está en mans privadas que a teñen sumida nun total abandono, precisa unha intervención urxente para conseguir a súa rehabilitación e devolución á veciñanza, e que chegue a ser un referente cultural nos Castros: Conservado como un espazo “multiusos” onde poder desenvolver actividades relacionadas coa cultura e as plantas altas poderían ser utilizadas como aulas ao servizo das asociacións do barrio que, como a nosa, non dispoñen de máis espazo para desenvolver todas as actividades que nos gustaría levar a cabo.

Tampouco debemos desbotar a idea de realizaren nese edificio cursos de formación para desempregados e desempregadas, “desdoblado” dese xeito ao centro que o Concello abriu na zona do Monte de San Pedro de Visma, que por certo, está infrautilizado debido á súa lonxanía con respecto á maioría dos barrios da Coruña.

Con respecto ao vello centro comercial que da á rúa da Merced por arriba, e por abaixo a Avenida de Oza, solicitamos a súa restauración, actuando da seguinte maneira: remodelación dos espazos comúns, actualizándoos, sopesando a posibilidade de poñer ascensor detrás de Mercadona que uniría a Avda. de Oza ca Rúa da Merced. E subvencionar e buscar “créditos blandos” para arranxar a cafetería e locais comerciais interiores baixo a supervisión técnica e estética desa alcaldía.

A finalidade disto e a de darlle un pouco de aire fresco ao pequeno comercio que dende o peche da cooperativa CODECO hai xa anos, e a actual crise na que estamos inmersos, veñen de sufrir dende hai tanto tempo o castigo da escaseza de negocio e polo tanto, o posterior peche de actividades.

Outra antiga proposta nosa, e que tamén entra no apartado da “devolución do patrimonio do vello barrio”, é a apertura á cidadanía da capela de Oza, coa idea de estudar as posibilidades que poida ter como un centro de actividades culturais.

Un tema moi preocupante para todos e todas as veciñas do noso barrio é a cuestión do tráfico.



**Rúa da Merced nº 56, Baixo
15009 - A Coruña
Tfn/Fax: 981 298 122
CIF. G-15037708
ozagaiteiraoscastros2@gmail.com**

Coidamos que faría falla facer un estudo urxente do túnel dos Castros, que no tempo que leva aberto, relativamente pouco, xa suma unha cantidade máis que importante de accidentes na mesma dirección: entrada dende A Pasaxe. E que fan del, un dos máis perigosos do país.

Na mesma cuestión do tráfico, solicitamos que se actúe doutro xeito cos pasos de peóns, elevándoos no asfalto (a altura da beirarúa, como o fixeron no Burgo) naqueles lugares que son máis susceptíbeis de perigo: contorno de centros escolares, bibliotecas, parques e xardíns, etc. E dotalos de suficiente iluminación, xa que coa chegada do inverno, quedan moitas zonas en penumbra.

A Coruña, 9 de Agosto 2024.

Asdo. / Paulo Sexto Gantes